

Entrevista a ALFREDO LÓPEZ FERNÁNDEZ, Membro da Xunta Directiva da Comunidade de Montes en Man Común do Matalagartos (Peitieiros)



Alfredo López Fernández

- **Dende que ano pertence vostede a comunidade de montes?**

Dende que cheguei a vivir a Peitieiros no ano 1998, decateime de que se vivía aquí tiña dereito a formar parte da Comunidade de Montes, despois fun proposto para formar parte da Xunta Directiva.



- **Que cargo ocupa vostede nesta a nosa comunidade de montes? E que ocupación ten como tal?**

Son vogal na Xunta Directiva, o meu papel é todo o relativo á cuestión ambiental de restauración de áreas degradadas, instalación do viveiro forestal e coordinación dos labores de

voluntariado do monte que colabora nestas actividades. Tamén son representante na Mancomunidade de montes do Val Miñor que reúne ás CCMM de toda a comarca.

- **Que labor esta cumprindo agora mesmo a C.M. no noso monte?**

A CCMM xestiona diariamente o monte en función dos acordos assemblearios de toda a comunidade. O seu obxectivo principal é o monte, leva adiante o Plan de Ordenación do Monte que ditamina os labores que hai que levar a cabo anualmente. Dun xeito secundario a CCMM colabora con outras actividades e entidades parroquiais, aínda que modestamente, para que os beneficios que xera o monte repercutan na calidade de vida dos veciños e veciñas.

- **Que nos pode dicir da paisaxe deste o noso monte?**

O noso monte representa unha formidable paisaxe pois é unha das cabeceiras do Val Miñor, as súas abas forman parte da cunca do Río Miñor e aportan augas que van parar á Enseada de Baiona, dende os seus cumes temos unha boa vista de todo o Val. É un monte moi maltratado polos lumes e a erosión e por unha xestión inadecuada durante moitos anos onde só se tirou del sen aportarlle nada. A pesar disto para min éche ben fermoso e vexo que ten moitas posibilidades, danos a vida pois bebemos da auga que amablemente nos da.

- **Como cambiou o monte dende que voste de recorda?**

A verdade é que teño un mal recordo dos cambios. Dende que entrei na CCMM púxose en marcha o Plan de Ordenación do Monte como ferramenta fundamental de avance na mellora da xestión do monte. A partir dese momento comezouse coa xestión dos cultivos de piñeiro e eucalipto, coa eliminación de bioinvasoras (mimosas e acacias), co mantemento dos soutos e bosques de ribeira e coa substitución de eucalipto por frondosas. Tamén xestionouse o peche do vertedoiro de lixo de Gondomar que contaminaba unha das cabeceiras do río Toutediras. Todo isto viuse abaixo nun día do ano 2005 no que ardeu de punta a punta o monte, tardou catro días en apagarse e queimáronse o 85% das 296 Hectáreas de superficie total, un verdadeiro desastre ambiental e económico. Iso obrigounos a cortar toda a madeira posible e a volver a comezar con moitas cousas. Agora pouquiño a pouco vanse vendo melloras, mais, o lume sempre está ameazante, tamén o gando que nos destroza moitas das plantacións que estamos tratando de levar adiante.

- **Cales son os incidentes mais importantes que recorda que ocorreran neste o noso monte?**

O lume do ano 2005 e posteriormente as enchentes do ano 2006 que debido á falla de absorción do solo correron monte abaixo levando todo por diante, árbores, pedras, galpóns, coches e persoas. A un veciño partiulle una perna a avalancha de auga e pedras. Levounos pontes, taxearas, pistas e de todo monte abaixo.

- **Pode falarnos da nosa flora e fauna?**

O noso monte é relativamente pobre en canto a biodiversidade, en cambio é moi rico nalgunhas cousas concretas.

A erosión causada polos lumes e os monocultivos fixérono relativamente pobre na súa flora e na diversidade vexetal, en cambio, conserva un bosque de ribeira inzado de pradairos (*Arce pseudoplatanus*), non moi grande pero singular, que é único en todo o Val Miñor e poida que no sur de Galicia. Compre coidalo e ampliálo pola súa singularidade. Tamén é interesante polos fentos xa que ten moita auga, regueiros e zonas húmidas e proliferan moito, é doado ver varias especies nun curto espazo.

En canto á fauna tamén é escasa debido ao deterioro ambiental, en cambio, tamén pola auga, é rico en anfibios. Temos unha charca no Currovello na que podemos identificar catro especies de limpafontes, ras, sapiños e sarmagantas. Será por iso que lle chaman Matalagartos?. En canto as aves, sen ter nada especial podemos ver poupas, gaios, miñatos e mesmo falcóns, os cumes e o paso para o Río Miño dan moito xogo xa que é lugar de paso de aves cara o esteiro, como as garzas, en ocasións vese pasar o corvo grande e mesmo nunha ocasión viuse un voitre leonado, moi raro nestas paraxes.

- **Vostede cre que diminuíu o número de cabalos ceibes no monte?**

Seguramente, xa que o mantemento dos cabalos no monte non é doado, sobre todo porque teñen carencias alimentarias dado que a xestión do gando mostrenco non é moi axeitada e lévase independentemente da xestión do monte. Antigamente había un curro en Peitieiros xa que algúns veciños eran propietarios, a gora xa non, oficialmente nin temos cabalos no monte, nós na CCMM non temos constancia de que existan e os gandeiros non teñen autorización para telos no noso monte, simplemente porque non nolo pediron.

Temos un gravísimo problema neste momento entre os labores de replantación e recuperación do monte e o gando, sobre todo as vacas que son como tanquetas que todo levan por diante.

Ao gando fáltalle comida no monte por iso baixa aos pastos e campos cultivados, habería que adecuar áreas de pasto nas zonas altas e controlar o gando para que non saíra das súas áreas de alimentación, deste xeito tamén se evitarían os atropelos que no San Antoniño son abundantes, todos os anos morre alí algunha besta, cun grave perxuízo para os conductores.

- **Para finalizar a nosa entrevista, que futuro cree que lle espera o noso monte?**

O futuro que lle agarda é o que nós queiramos que sexa, non nos podemos limitar a sentarnos no adro mirando para o monte porque ten a súa evolución e o seu ritmo. Mais, sabendo isto temos que analizar cales son aqueles aspectos que podemos mellorar ou acelerar para que teña futuro.

O monte foi, é e será unha base importante da economía, bebemos del, antigamente comeuse del e pode aínda facerse, o futuro ten que dar para que nos poidamos aproveitar dos seus recursos renovables: auga, madeira e gando, polo menos, e poidamos mellorar a súa situación ambiental, a través de control de cultivos, repoboacións e melloras. Ten moito futuro mais temos que poñelo en valor. Temos que decatarnos de que a árbore xa está na semente así que hai que poñer moitas sementes agora para que sexan árbores nun futuro, aínda que nós non as poidamos ver, vós si.

Grazas polo seu tempo e adeus.

Entrevista feita polos alumnos de 3º ESO

Departamento de Física e Química